

**EXTRAÑO SUCESO EN CARBALLO**

# «Prendéronme lume e escaparon mentres trataba de zafarme»

*Los médicos le dicen que un mechero que explotó en su bolsillo pudo causar el fuego, pero él lo descarta*

**M. LÓPEZ, F. RODRÍGUEZ**  
CARBALLO / LA VOZ

Álex Muíño, de 26 años, se quemó buena parte de la espalda y el torso durante una madrugada de fiesta, el pasado viernes, por Carballo, y todavía no sabe muy bien cómo. Pasaba de las cinco y media de la madrugada y este joven carballés miraba su reloj para dilucidar si sería o no hora de recoger, ya que al día siguiente tenía que trabajar. «De repente notei lume, e enseguida se propagou por toda a camiseta», explicou en Radio Voz el joven, que en la actualidad está ingresado en la

unidad de quemados del Chuac. Aunque desde los servicios médicos se le trasladó la posibilidad de que pudiese deberse a la explosión de un mechero que guardaba en el bolsillo, el joven discrepa y desecha por completo esa teoría. Cree que tuvo que ser un individuo, «ou individuos», el que le prendió fuego a su camisa, para después escaparse corriendo mientras él intentaba, como buenamente podía, desabrocharse los botones y deshacerse de la prenda en llamas. «A miña teoría é que, mentres eu intentaba zafarme, eles marcharon polos recunchos da zona», continúa Álex con su relato: «Ía eu só, e debeu ser por iso polo que aproveitaron a ocasión. Intuíu que non foi nada persoal, senón algo completamente ao azar».

El suceso ocurrió en una céntrica calle del casco urbano de Carballo que une un conocido local de copas con la rúa donde



Álex está ingresado desde hace varios días en la unidad de quemados del Chuac. MARCOS MÍGUEZ

se concentra la movida nocturna. Sin embargo, parece no haber testigos de lo ocurrido. Aunque en un principio Álex decidió que no era necesario que le viesen las heridas, pasada una hora comenzó a sentir molestias, por lo que acudió al ambulatorio de Carballo, donde le informaron de que, dada la gravedad y profundidad de las quemaduras, buena parte de las terminaciones nerviosas de su espalda estaban completamente calcinadas: «Por iso nese momento non

notaba a dor». Fue trasladado al Chuac, donde permanece ingresado desde hace varios días, y donde le han sometido a varios injertos de piel. «Os médicos din que teño, como mínimo, para dúas semanas máis [hospitalizado]. E despois a recuperación na casa, que será bastante máis longa». Para denunciar públicamente lo ocurrido, y para «que non lle suceda a ninguén máis, especialmente a xente máis vulnerable, como poden ser os nenos», ha

grabado un vídeo que, tras subirlo a sus perfiles sociales, se ha hecho viral por la Costa da Morte. Según apunta, envió a sus padres al puesto de la Guardia Civil en Carballo, pero los agentes les indicaron que sería mejor que él mismo se presente en persona, dijo Álex en Radio Voz. Dado que todavía le queda un tiempo en el hospital y no podrá desplazarse, invitó a una patrulla a pasarse por la habitación en la que permanece ingresado y que le tome declaración.

# As augas mineromedicinais, fonte de riqueza para Galicia

Galicia é un territorio privilegiado pola riqueza e diversidade das súas augas minerais e termais, e onde o emprego deste recurso mineiro ten unha ampla tradición. Hoxe en día podemos presumir de que Galicia representa o primeiro destino termal de España grazas a factores

como os programas de termalismo social do IMSERSO, a colaboración público-privada entre as empresas e a Xunta de Galicia, e o desenvolvemento pola Consellería de Industria, competente en materia de minaría, dunha normativa sectorial que garante o correcto emprego do recurso.

A xeoloxía do territorio está estreitamente relacionada coa localización e características das nosas augas minerais e termais. Galicia encádrase no Dominio Hidromineral Hercínico, no cal tras unha profunda análise da xeoloxía, hidroxeoloxía e hidroquímica levada a cabo polo IGME (Instituto Geológico y Minero de España), definíronse 10 subdominios hidrominerais, que presentan unha notable diversidade.

A auga mineromedicinal galega destaca pola singularidade na súa composición mineral e pola súa orixe subterránea, aportando indubidables beneficios para a saúde da poboación. Nos balnearios a base dos tratamentos está no uso destas augas, constituídas por unha solución de elementos minerais que lles proporcionan unha serie de propiedades. En función do seu contido en minerais, cada tipo de auga mineral exerce unha acción

distinta sobre o organismo. As nosas augas están especialmente indicadas para o tratamento de doenzas crónicas de carácter reumatolóxico, respiratorio e dermatolóxico. Recentemente, a Universidade de Santiago de Compostela publicou o “I Vademécum das Augas Mineromedicinais de Galicia”, que contén unha completa información sobre a composición, tipo e propiedades terapéuticas das augas minerais dos balnearios galegos, e que se pode descargar da web [www.balneariosdegalicia.gal](http://www.balneariosdegalicia.gal).

**Balnearios e desenvolvemento sostible**

Os balnearios, como empresas explotadoras do recurso, están a favorecer o desenvolvemento de comarcas do interior de Galicia, na súa maioría zonas rurais con tendencias similares: despoboación, baixa renda per cápita e presenza dunha estrutura produtiva con pre-

dominio do sector primario. Os balnearios galegos representan ademais un modelo de empresa sostible, posto que traballan para garantir o futuro do recurso, melloran a calidade de vida dos seus usuarios e contribúen a fixar poboación por medio da xeración de emprego. Dinamizan social e economicamente os territorios nos que se asentán.

**A Asociación de Balnearios de Galicia: 18 balnearios, 3.000 prazas hoteleiras e 1.200 traballadores**

A Asociación de Balnearios de Galicia constituíuse en 1985 co obxectivo de representar e promocionar o sector termal galego. Actualmente está integrada por un total de 18 balnearios: Carballo e Compostela (Brión) na provincia da Coruña; Oca Augas Santase Lugo-Termas Romanas en Lugo; Arnoia Caldaria, Baños de Molgas, Laias Caldaria, Lobios Caldaria, O Carballiño

|                                | INDICACIÓNS TERAPÉUTICAS |                |            |               |                  |        |               |           |                   |
|--------------------------------|--------------------------|----------------|------------|---------------|------------------|--------|---------------|-----------|-------------------|
|                                | Reumatolóxicas           | Dermatolóxicas | Digestivas | Psiquiátricas | Cardiovasculares | Renais | Respiratorias | Hepáticas | Endócrino-lóxicas |
| <b>A CORUÑA</b>                |                          |                |            |               |                  |        |               |           |                   |
| Carballo                       | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| Compostela (Brión)             |                          |                |            |               |                  |        |               |           |                   |
| <b>LUGO</b>                    |                          |                |            |               |                  |        |               |           |                   |
| Augas Santas                   | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| Lugo                           |                          |                |            |               |                  |        |               |           |                   |
| <b>OURENSE</b>                 |                          |                |            |               |                  |        |               |           |                   |
| Arnoia                         | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| Baños de Molgas                | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| Laias (Cenlle)                 | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| Lobios                         | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| O Carballiño                   | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| Partovia (O Carballiño)        | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| Sousas (Verín)                 | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| <b>PONTEVEDRA</b>              |                          |                |            |               |                  |        |               |           |                   |
| Acuña (Caldas de Reis)         | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| Dávila (Caldas de Reis)        | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| Cuntis                         | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| Baños da Brea (Vila de Cruces) | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| Caldelas de Tui                | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| Isla de La Toja                | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| Gran Hotel La Toja             | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |
| Mondariz                       | ●                        | ●              | ●          | ●             | ●                | ●      | ●             | ●         | ●                 |

e Caldas de Partovia en Ourense; e Acuña, Dávila, Termas de Cuntis, Baños da Brea, Caldelas de Tui, Eurostars Isla de La Toja, Eurostars Gran Hotel La Toja e Mondariz en Pontevedra. O conxunto destes balnearios oferta preto de 3.000 prazas hoteleiras e suma ao redor de 1.200 traballa-

dores. Cómpre salientar ademais que estas empresas están en máis do 80% en mans de capital galego. A Asociación de Balnearios de Galicia colabora coa **I Carrera de las Empresas de Galicia**, que promove *La Voz de Galicia* e que se vai desenvolver o 4 de novembro en Betanzos.